

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	31
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	38

## 1. Introducción

Xeografía e Historia como disciplina escolar ten como principal papel profundar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

En ambas dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente, através de toda a ESO mediante conceptos que consideramos nucleares: o tempo histórico, o espazo e os recursos. Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Deste xeito, entendemos a Xeografía e Historia non coma unha narración anecdótica, descritiva ou unha clasificación estereotipada dos rasgos do medio natural e das sociedades pasadas; senón coma unha disciplina explicativa e interpretada, é dicir, un discurso que analiza e interpreta as claves dos procesos e os fenómenos xeográficos e históricos.

Neste senso, o cuarto curso da ESO, como nivel finalista para toda a etapa, debe recoller gran parte dos contidos e criterios abordados con anterioridade, sobre todo aqueles relacionados co Desenvolvemento Sostible -non tanto na súa faceta ecolóxica, senón máis ben no seu papel político e socioeconómico-, o papel do feminismo e os movementos sociais de cuarta xeración e a conformación das sociedades actuais globalizadas e postindustriais.

Aspectos que afectan tanto á historia como ciencia social que estuda o presente, como á xeografía humana e as súas principais preocupacións en canto ás consecuencias das relacións entre o medio físico, os recursos e a humanidade e que ao cabo conforman os grandes espazos rexionais do planeta e que ven afectados por similares problemáticas e conflitos que vivimos hoxe en día.

No aspecto puramente histórico abórdanse os séculos XIX, XX e XXI, desde as bases históricas da dobre revolución -política e económica- protagonizada polos Estados Contemporáneos ata a conformación da sociedade de clases e a súa evolución e caracterización ata o presente. Todo iso en referencia a un longo camiño balizado de procesos dramáticos, como o Imperialismo, o período de entreguerras ou a Guerra Fría, que veñen a interaccionar nunha realidade política e social cada vez máis plural e complexa.

Tamén, valórase a conformación dos procesos democráticos no mundo e en especial en España e Galicia, así como a conformación das distintas identidades individuais, sociais, colectivas e territoriais, que son resultado dos distintos avatares do pasado e os seus protagonistas. Un resultado, aínda aberto e mellorable condicionado polas decisións que o alumnado pode exercer no futuro como cidadáns dun mundo comprometido.

Por último, pero non menos importante, inclúense contidos artísticos e culturais que pretenden exemplificar, polo menos no básico, desde a arte moderna e postmoderno ata as plurais manifestacións actuais. Deberemos explicar non só a evolución formal senón tamén entender a arte contemporánea como unha linguaxe nova, rupturista e comprometida, resultado dos procesos artísticos previos e (des)conectado co noso presente.

En definitiva, o alumno de cuarto curso comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

A Programación diríxese ao alumnado de 4º da ESO do IES Lamas de Castelo, que conta cun total de 16 alumnos e alumnas neste curso.

O IES Lamas de Castelo atópase no concello de Carnota, situado no extremo occidental da provincia da Coruña, ó sur de Fisterra, limitando cos concellos de Muros, Dumbría e Mazaricos. A poboación do concello é lixeiramente inferior a 4000 habitantes, diseminada en 66.4 Km cadrados e distribuída en 5 parroquias (Lariño, Lira, Carnota, San Mamede e O Pindo). Actualmente asistimos á diminución das actividades primarias (pesca, agricultura, gandería) e aumento dos sectores secundario (cooperativas de confección, granxas de rodaballo, fábrica de conservas e empresas familiares relacionadas coa construción) e terciario (servizos). O reparto da poboación é moi desigual, concentrándose a súa maioría no Val de Carnota, no que nos atopamos un inmenso anfiteatro rodeado de montañas e campos que se protexen do mar por dunas e xuncos.

O IES Lamas de Castelo comezou a funcionar no ano 1998 e o 23 de febreiro de 1999 iniciáronse as clases no edificio actual, que depende da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. En decembro do 2000, o Consello Escolar solicitou o cambio de denominación de IES de Carnota a IES Lamas de Castelo, nome do lugar no que se localiza e co que se viña coñecendo popularmente.

O alumnado do IES Lamas de Castelo procede, na súa maioría, de dous centros educativos: o CEIP San Crimenzo do Pindo e o CEIP de Carnota. Polo feito de ter unha poboación dispersa, todos os alumnos/as do ensino obrigatorio, agás os de Pedrafigueira e dos lugares próximos ao instituto, teñen dereito a transporte escolar.

Desde o curso 2016/17, o IES Lamas de Castelo está adscrito ao IES Plurilingüe Fontexería, de Muros. Outros centros que reciben o noso alumnado cando rematan a ESO son o IES Agra de Raíces e o IES Fernando Blanco, os dous en Cee. No presente curso 2023-24, o número de alumnas e alumnos é de 68, repartidos en 4 grupos, un por cada nivel educativo: 1º, 2º, 3º e 4º.

O centro conta cun profesorado estable de 17 docentes para o vindeiro curso, cun importante número de membros do claustro que teñen o seu destino definitivo no centro, se ben, nos últimos anos produciuse unha importante renovación do mesmo con moitas incorporacións.

A materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO organízase nun grupo de 16 alumnos/as e será impartida por Lucía Ces Carou, docente sen destino definitivo no centro, xefa do departamento unipersonal de Xeografía e Historia.

A materia de Xeografía e Historia en 4º da ESO é unha materia troncal obligatoria que conta con 3 sesións á semana e que se imparte en galego.

Esta programación didáctica está redactada tendo en conta o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O tempo das Revolucións. Liberalismo e Nacionalismo.	A primeira unidade do curso enlaza ca historia vista en 3º curso da ESO xa que afonda nas consecuencias das Revolucións Burguesas e a súa expansión, primeiro por Europa e logo polo Mundo. Nela describiremos o longo proceso da conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea, e as resistencias presentadas á Modernidade. Estudaremos asemade os procesos de unificación de Italia e Alemaña, así como as bases do Nacionalismo como movemento político no século XIX.	10	9	X		
2	A construción do Estado Liberal en España no s. XIX. Evolución cultural, Rexionalismo e Nacionalismo.	Na segunda unidade abordamos a expansión do liberalismo e a conformación do Estado Liberal en España, usando as principais fontes que visualizan este proceso. Partindo da Restauración Borbónica mostraremos o lento e complexo proceso de transformación política e social e España e Galicia, en especial no retardo na	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A construción do Estado Liberal en España no s. XIX. Evolución cultural, Rexionalismo e Nacionalismo.	consecución dos dereitos sociais e laborais.	10	11	X		
3	O Imperialismo e a I Guerra Mundial.	Na terceira unidade partiremos da análise das relacións internacionais no s. XIX que desembocan na Era do Imperialismo, carreira convulsa e frenética por apoderarse do mundo extraeuropeo. Así mesmo valoraremos as causas, desenvolvemento e consecuencias do Colonialismo e os principais conflitos que advirten a futura Gran Guerra, así como as características e efectos da mesma.	10	11	X		
4	Ciencia, tecnoloxía e arte do século XIX á I Guerra Mundial	A unidade cuarta pecha o 1º trimestre e nela abordaremos o estudo dos cambios científicos e culturais que se produciron entre os séculos XIX e XX. Indicaremos as claves da revolución científico-técnica finisecular que provoca o gran desenvolvemento industrial, a captura de materias primas, a conquista de novos mercados e ao dominio do Mundo. En canto á arte, estudaremos o nacemento das novas expresións artísticas revolucionarias, do Impresionismo ás primeiras Vangardas.	10	10	X		
5	O mundo de entreguerras.	Nesta primeira unidade do segundo trimestre explicaremos o proceso revolucionario ruso dende os seus inicios até a consolidación do novo Estado nos anos 30 e o desenvolvemento do stalinismo. Abordaremos asemade o ambiente vivido na Europa dos anos 20 e o desenvolvemento económico da década, culminando co crack do 29, as súas causas e consecuencias. Por último, estudaremos o ascenso dos fascismos italiano e alemán, así como a súa repercusión na sociedade europea da época.	10	11		X	
6	A Segunda Guerra Mundial.	Na sexta unidade analizaremos os conflitos no período de entreguerras que serán a orixe da nova Guerra Mundial. Describiremos as principais fases e etapas, e sobre todo as consecuencias directas da II Guerra Mundial. Fito aparte, valoraremos criticamente o Holocausto xudeo e as súas consecuencias na historia mundial.	10	10		X	
7	España: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	Na sétima unidade pretendemos explicar a situación de España dende a Crise da Restauración e a Guerra do 98 ata a IIª	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	España: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	<p>República e a Guerra Civil. En dito período valoraremos a orixe, evolución e adaptación do sistema liberal e democrático en España a través das fontes, en especial no exemplo da IIª República española.</p> <p>Tamén resumiremos o proceso de conquista dos dereitos individuais e colectivos na primeira metade do s. XX. E por último, valoraremos o papel das mulleres na España do 1º terzo do s. XX no tocante a consecución dos seus dereitos e o papel que xogaron as pioneiras dos movementos sufraxistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas principais protagonistas e ao cambio no seu papel social.</p>	10	11		X	
8	A Guerra Fría, a Unión Europea e a Descolonización.	<p>Na oitava unidade, primeira do 3º Trimestre, falamos do proceso de reconstrucción trala IIª Guerra Mundial e a conformación dunha nova organización política internacional: Guerra Fría, Descolonización e o nacemento do Terceiro Mundo. Tamén valoraremos o papel dos organismos internacionais na busca da Paz. Igualmente estudaremos o xurdimento e antecedentes da Unión Europea, cuxos obxectivos serán o asentamento da democracia, o desenvolvemento económico e a paz social e continental. Coñeceremos as súas institucións e funcións, así coma os máis importantes fitos no asentamento do Estado do Benestar en Europa.</p>	10	12			X
9	España: do Franquismo á Transición democrática.	<p>Na novena unidade abordaremos a ditadura Franquista ao describir as súas principais etapas e características. Valoraremos criticamente a represión e as experiencias traumáticas provocadas pola Guerra Civil e polos corenta anos de Ditadura, distinguindo o diferente papel da historia e a memoria democrática, e o importante papel desta na reconstrucción social e política da España actual. Trataremos tamén a Transición política e a configuración do Estado democrático en España trala fin da Ditadura e a Constitución de 1978.</p>	10	10			X
10	O Mundo Actual. Novos movementos sociais e Globalización.	<p>Na décima unidade, partindo dos movementos xeoestratéxicos trala fin da Guerra Fría ata hoxe, valoraremos os posicionamentos e accións das principais potencias para contribuir á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sostible. Destacaremos as principais</p>	10	10			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	O Mundo Actual. Novos movementos sociais e Globalización.	<p>transformacións científicas e tecnolóxicas dos últimos 50 anos (dende unha perspectiva ética) e a complexidade da Globalización e de Internet e dos medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais.</p> <p>Tamén se abordarán os cambios culturais e novos movementos sociais de 4ª xeración nun mundo global: feminismo e dereitos da comunidade LGTBI+ (facendo fincapé na loita polos seus dereitos e a igualdade de xénero, citando exemplos relevantes), o novo ecoloxismo, pacifismo e o compromiso cívico e a participación cidadá (asociacionismo e voluntariado).</p>	10	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O tempo das Revolucións. Liberalismo e Nacionalismo.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características das revolucións liberais do século XIX e os seus idearios.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Identifica os principais marcos cronolóxicos das revolucións liberais do século XIX e das unificacións italiana e alemá.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Analiza os procesos revolucionarios do século XIX e as unificacións de Italia e Alemaña a través de fontes diversas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica por escrito os principais feitos históricos das revolucións liberais e os procesos nacionalistas do século XIX.		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Expresa xuízos e argumentos críticos sobre as consecuencias sociais dos procesos revolucionarios estudados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.</li> <li>- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.</li> <li>- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.</li> <li>- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A construción do Estado Liberal en España no s. XIX. Evolución cultural, Rexionalismo e Nacionalismo.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso de construción do Estado Liberal en España no século XIX.		
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Sitúa nun eixe cronolóxico e ordena seguindo os principios de duración e sucesión os principais acontecementos estudados na unidade.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Analiza o proceso de construción do Estado Liberal en España, reparando nas súas características, personaxes relevantes, causas e consecuencias.	PE	70
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica e explica feitos históricos clave para comprender o proceso de creación do Estado Liberal na España do século XIX.		
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Sintetiza aspectos clave da unidade de forma oral e/ou escrita, empregando vocabulario específico de forma correcta.		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza unha exposición sobre os contidos estudados na unidade.	TI	30
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Argumenta de forma crítica sobre a situación dos diferentes colectivos sociais na España do século XIX.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> </ul>

## Contidos

- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.
- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.
- Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia.
- O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea.
- A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.

UD	Título da UD	Duración
3	O Imperialismo e a I Guerra Mundial.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Relaciona os principais acontecementos estudados nos procesos históricos que abarca a unidade.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Sitúa cronoloxicamente os principais feitos e procesos históricos, seguindo o principio de causalidade, nun eixe cronolóxico.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Analiza as orixes e o desenvolvemento da I Guerra Mundial, as súas características e principais protagonistas.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica os principais elementos da I Guerra Mundial que determinaron os cambios sociais e tecnolóxicos no eido militar e as súas repercusións futuras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Elabora un traballo orixinal e cooperativo sobre os efectos da I Guerra Mundial na poboación.	TI	30
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Argumenta sobre o concepto de culpabilidade en relación ao conflito bélico da I Guerra Mundial.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.</li> <li>- Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e comparativo.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Ciencia, tecnoloxía e arte do século XIX á I Guerra Mundial	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Ordena cronoloxicamente algunhas obras artísticas claves do período e comprende o proceso de cambio vivido no eido cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Explica os principais cambios que se producen na ciencia e na arte entre os séculos XIX e XX.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica cambios históricos básicos que determinaron os avances en materia científica, tecnolóxica e artística a finais do século XIX.		
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Analiza o valor histórico do patrimonio material estudado na unidade.		
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Elabora un traballo orixinal, individual ou en grupo, sobre os avances científicos, tecnolóxicos ou artísticos de finais do século XIX e comezos do XX.		
CA2.2 - transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza un traballo expositivo sobre aspectos clave da arte do período abarcado na unidade.		
CA2.11 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Valora positivamente a conservación do patrimonio material estudado na unidade e a súa contribución ao progreso en materia de dereitos humanos.	TI	30
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Argumenta de forma crítica sobre as relacións entre a arte e a sociedade da época histórica estudada na unidade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Analiza e comenta o papel das minorías nos avances científicos, tecnolóxicos e artísticos de finais do século XIX e principios do século XX.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movementos artísticos do século XIX en España e Galicia.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vangarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.</li> <li>- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> <li>- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O mundo de entreguerras.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Sintetiza os seguintes procesos históricos: a revolución rusa, o crack do 29 e o nacemento do fascismo e do nazismo.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Ordena nunha secuencia cronolóxica acontecementos clave do período de entreguerras.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Analiza o proceso de crecemento e crise económica no período de entreguerras.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica feitos históricos clave no período de entreguerras que explican o ascenso dos totalitarismos e o futuro estalido da II Guerra Mundial.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal.</li> <li>- Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.</li> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- A conquista dos dereitos individuais e colectivos no século XX. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais e democráticos en España e no mundo a través das fontes: A Segunda República española.</li> <li>- Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos.</li> <li>- Os fundamentos xeoestratéxicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais.</li> <li>- O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do estado do benestar en Europa. O futuro de Europa.</li> <li>- As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era de Internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais.</li> <li>- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.</li> <li>- A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado.</li> <li>- Os fundamentos xeoestratéxicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade.</li> <li>- Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> </ul>

## Contidos

- Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información.
- Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo.
- Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.
- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.
- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.
- Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.
- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias e procedementos planificados de maneira consciente polo profesorado para posibilitar a aprendizaxe do alumnado e a consecución dos obxectivos propostos. As propostas aquí recollidas están en consonancia coas disposicións xerais recollidas no PE e na Programación do departamento didáctico. As seguintes concrecións metodolóxicas serven de guía para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe e dirixen a práctica docente para tódalas materias que imparte este Departamento.

Partindo da reflexión de que non existe unha única metodoloxía didáctica idónea para favorecer a aprendizaxe, toda a nosa PD fundaméntase no principio de que a educación debe ser entendida como un proceso construtivo no que interactúan as capacidades do alumnado, o seu propio contexto e as estratexias de ensinanza. Para lograr esta aprendizaxe significativa é indispensable que cada alumno/a sexa consciente deste proceso, converténdose no actor principal do mesmo ao reorganizar e reestruturar o coñecemento de maneira interna como consecuencia da aparición e resolución de conflitos cognitivos. O papel da profesora é servir de guía e prover dos recursos necesarios para asegurarnos de que esta aprendizaxe teña lugar, ao confrontar os coñecementos previos do alumnado cos novos contidos impartidos.

Sobre estas bases pedagóxicas asentamos o deseño das actividades de ensino-aprendizaxe que contemplamos para toda a PD, e cuxos principios reitores serían os seguintes:

1. Valorar o grao de coñecemento previo dos contidos polo alumnado, que pode variar moito duns a outros e que, polo xeral, adoita ser baixo. Este aspecto é necesario para estimar o grao de afondamento que requirirán os diferentes contidos a impartir en cada unidade, e o tipo de actividades que mellor se adaptan a estas necesidades.
2. Contemplan a aplicabilidade práctica dos coñecementos e a súa importancia para o desenvolvemento persoal do alumnado na súa vida cotiá. Isto explica que moitas das actividades contempladas fagan referencia a acontecementos e realidades facilmente identificables no momento actual ou na contorna xeográfica dos estudantes, como os problemas ambientais, a relación da actividade económica coa sociedade, a valoración do patrimonio local, entre outras. Deste xeito, buscamos que os alumnos/as tomen conciencia do seu papel na sociedade que os rodea e se valoren como suxeitos activos do propio devir histórico. Esta última consigna remítenos necesariamente ao desenvolvemento da competencia social e cívica, ao establecer nexos de unión entre o alumnado e o seu entorno, e contribúe a estimular a súa intelixencia emocional favorecendo os valores da empatía e a tolerancia.
3. Favorecer a participación activa, sobre todo de forma oral, tanto na exposición de contidos como na aplicación dos mesmos para a resolución de tarefas. Esta participación traducirase nun maior compromiso por parte do alumnado co proceso de aprendizaxe, tanto individual como colectivo, pois a integración dos coñecementos prodúcese pola interacción tanto co resto do grupo, como coa profesora ou cos materiais de traballo propostos. A participación activa será motivada no conxunto do grupo, buscando sempre un equilibrio que permita as intervencións de todo o

alumnado. As tarefas da profesora aquí serán a de moderar o discurso tanto no seu contido como na súa forma, promovendo así o traballo na competencia en comunicación lingüística, e a de mediar na resolución de posibles conflitos.

4. Ofrecer formas de organización do traballo variadas nas que se contemple o traballo cooperativo e a interacción entre o alumnado, coa finalidade de favorecer a súa competencia comunicativa e promover actitudes de respecto e tolerancia no eido socioeducativo. Para isto realizaremos agrupamentos heteroxéneos que favorezan o debate e intercambio de coñecementos, así como o establecemento de estratexias de traballo en equipo. En tódalas unidades haberá actividades desta natureza, que poden realizarse en parellas, pequeno grupo ou en gran grupo segundo corresponda.

5. Empregar medios de traballo variados e atractivos, relacionados a súa maioría coa integración das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no proceso de aprendizaxe. A maioría dos materiais de traballo estarán dispoñibles na aula virtual, a cal servirá tamén como canle de comunicación habitual fóra do horario lectivo.

6. Primar o tempo de traballo de cada sesión para a realización das tarefas, o que require dun estudo pormenorizado da temporalización de cada actividade para adecuala á duración total das mesmas. A finalidade é a de permitir que fóra do horario lectivo o alumnado poida dispoñer de tempo suficiente para integrar os coñecementos adquiridos de maneira autónoma e individualizada, ben sexa repasando estes a través do portafolios ou ben buscando información por outras canles sobre a materia impartida, entre outras estratexias.

7. Establecer unha gradación na dificultade das tarefas e na complexidade dos contidos impartidos, que aumentará progresivamente conforme avancemos na UD correspondente. Isto determinará a orde das actividades en función da súa tipoloxía.

8. Promover un enfoque inclusivo do ensino mediante propostas de aplicación baseadas no Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Queremos adiantarnos ás posibles dificultades que poidan xurdir tendo en conta a diversidade do alumnado, incentivando a igualdade de oportunidades asentada no respecto aos diferentes ritmos de traballo e adquisición dos coñecementos e competencias. Algunhas das estratexias que seguimos nesta dirección son o establecemento de temporalizacións flexibles nas unidades, que permitan modificar a súa planificación inicial adecuándoa á realidade do grupo; a presentación dos contidos a impartir en múltiples formatos que abarquen as preferencias perceptivas dos alumnos/as (textos, mapas conceptuais, ilustracións, pezas audiovisuais, contido multimedia, entre outros exemplos) e con diferentes opcións para a súa percepción (glosarios en ambas linguas cooficiais, adaptación do tamaño e claridade documentos en formato dixital e transcripción escrita dos documentos audiovisuais); e a flexibilidade na forma de desenvolvemento das tarefas, oral ou escrita, en función das dificultades do alumnado.

Para poder empregar mecánicas colaborativas, e, en xeral, para acadar un bo clima no que respecta ás relacións interpersoais na aula, temos que partir dunha serie de principios que debemos, como docentes, inculcar ao grupoclase:

- a) Responsabilidade individual: todos os membros son responsables do seu desempeño individual dentro do grupo, non debendo adoptar, pois, actitudes disruptivas.
- b) Interdependencia positiva: os membros do grupo deben ser conscientes de que dependen os uns dos outros para acadar a meta común.
- c) Habilidades de colaboración: son as necesarias para que o grupo funcione de forma efectiva: traballo en equipo, liderado, solución de conflitos... Os membros do grupo interactúan entre eles para establecer estratexias efectivas de aprendizaxe.
- d) Uso de rúbricas para valorar o proceso e progreso do grupo: o grupo reflexiona de forma periódica e avalía o seu funcionamento, efectuando os cambios necesarios para incrementar a súa efectividade.

Toda esta programación ten un mesmo espírito: ampliar o coñecemento, reforzando constantemente o que xa temos aprendido, relacionando unhas unidades con outras, e estas co campo máis amplo que son as Ciencias Sociais. Será fundamental facer referencia a cuestións xeográficas (demografía, tipos de industria, o estudo dos mapas físicos para entender manobras bélicas ou o interese estratéxico de certos enclaves coloniais, por exemplo), e artísticas, tanto as contidas no propio currículo, como todas aquelas que consideremos de interese e que axuden a avanzar e interrelacionar conceptos. As referencias literarias, cinematográficas e o mundo da novela gráfica serán constantes nas actividades de ensinanza-aprendizaxe, buscando motivar as alumnas e alumnos e procurar que busquen novas vías de coñecemento histórico.

Partindo destas premisas, as cuestións de actualidade preséntanse tendo en conta os seus antecedentes históricos para poder analízalas desde unha perspectiva crítica, cotexando información de diferente procedencia. Desta maneira, achégase un coñecemento conceptual e terminolóxico propio da ciencia histórica, e situaranse espacial e temporalmente os diferentes fenómenos e realidades do mundo contemporáneo. Para comprender e asimilar o estudado e traballado na aula, propoñeranse actividades baseadas nos conceptos e o vocabulario que se traballase, e

que deberán servir para procesar e interiorizar o coñecemento adquirido.

Ademais do propio apoio dado na aula, faremos entrega ó alumnado de distintos materias teóricas, que lles poidan valer de referencia para enfrontarse ás probas escritas, dando sempre opción a que o alumnado amplíe información por medio das actividades de reforzo, ampliación e consolidación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto dixital (Edixgal)
Apuntamentos da docente
Boletín de exercicios clave da unidade
Caderno ou portfolio dixital do alumnado
Material dixital (páxinas web, blogs etc)
Material visual (imaxes) e audiovisual (vídeos e clips de películas)
Xogos de simulación (breakout, rol etc)
Textos históricos seleccionados

Empregaremos a diario as ferramentas do programa Edixgal, favorecendo o uso das novas tecnoloxías co alumnado e as ferramentas didácticas que nos proporciona. Priorizaremos a realización de actividades en fichas físicas na aula e a elaboración de tarefas en formato dixital autocorrixible no domicilio para asentar e repasar os contidos. Os materiais serán diversos e escollidos pola profesora en función das necesidades do alumnado e dos contidos a impartir en cada sesión.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partiremos dunha proba de avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos do alumnado. Esta realizarase nos primeiros días de clase con todo o grupo-clase. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos. A data prevista para a reunión de avaliación inicial da ESO, é o día 4 de outubro de 2023.

Preferentemente a través de probas escritas, a avaliación inicial pode consistir en:

- Lectura dun pequeno texto e preguntas sobre o mesmo. O obxectivo é ver o nivel de lectura comprensiva do alumno/a e o seu grao de coñecemento inicial sobre contidos das distintas materias.
- Mapas, sobre todo de España e Europa. Trátase de observar un nivel de coñecemento xeográfico básico.
- Cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía e Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan eses procedementos tan básicos na nosa área.

Esta proba inicial non se terá en conta para establecer a cualificación da avaliación. É unha observación sobre o nivel individual e do grupo, a partir da cal a profesora preparará as estratexias e procedementos necesarios para a impartición das súas clases. Completarase coa observación atenta das dinámicas de traballo no grupo e o ritmo de realización das tarefas e asimilación de contidos de cada alumna e alumno.

Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora. Ademais, nas materias que corresponden ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas a cada alumno/a.

De acordo cos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de dita proba, poderanse adoptar as medidas que o Departamento ou os docentes consideren máis axeitadas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe segundo se recollen no apartado relativo á atención á diversidade. Contéplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades de dito alumnado. O mecanismo para comunicarse coas familias será a través do Espazo Abalar.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

A cualificación reflectirase en puntuacións do 0 ao 10, obténdose unha cualificación global dos distintos instrumentos de avaliación ponderada segundo a importancia que se conceda a cada instrumento.

Xa que logo, os Criterios de cualificación empregados referiranse aos distintos instrumentos de avaliación, que foron deseñados segundo os criterios de avaliación e descritores das competencias clave. Son os seguintes:

a) As probas escritas terán un peso aproximado do 70%

b) Os traballos e producións do alumnado terán un peso aproximado do 30%, discriminando entre:

- Producións, tarefas e traballos escritos ou entregados a través da plataforma Edixgal terán unha ponderación aproximada do 20%.

- Participación, intervencións orais do alumnado e entregas en prazo das tarefas terán unha ponderación aproximada do 10%.

**PROBAS ESCRITAS.** Realizaranse, cando menos, dúas probas escritas por período de avaliación (unha por cada unidade didáctica) e no deseño das mesmas tomaranse como referencia os criterios de avaliación.

Dado que as probas escritas supoñen arredor do 70% do peso da materia, queda a elección do docente puntualos sobre 10 e ponderar esta puntuación ou puntuar as probas escritas sobre 7, e facer o propio cos outros instrumentos de avaliación (traballos, fichas, exposicións orais...), de tal maneira que ao sumalos dea 10.

Durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, poderá implicar a retirada inmediata da proba que deberá repetir de novo na data que marque a docente, podendo acadar unicamente a cualificación de aprobado (5) ou suspenso. No caso de detectar a un alumno/a copiando ou utilizando métodos non autorizados expresamente, procederase a retirar o exame e proceder de maneira idéntica ao punto anterior, sen prexuízo da aplicación de outras medidas sancionadoras



recollidas no regulamento do centro. A profesora esixirá ao alumnado que realice este tipo de comportamentos un traballo compensatorio que deberá realizar correctamente para asegurar a condición de aprobado no exame a repetir.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza ás probas escritas fixadas de antemán, e non xustifique segundo a/o docente a súa ausencia, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa. En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da/o docente, realizarase a proba no seguinte día lectivo que corresponda á materia ou cando a/o docente o considere oportuno.

As probas telemáticas amosaron no curso 2019/2020 numerosos comportamentos fraudulentos. De ter que realizalas, as/os docentes vivirán este tipo de probas en aras dunha maior xustiza nas cualificacións.

Tódalas probas previstas serán marcadas pola profesora no primeiro mes de cada trimestre, permitindo ao alumnado organizar o seu tempo de estudo en función das súas necesidades.

O CADERNO, AS TAREFAS EDIXGAL E OS TRABALLOS. Os traballos realizados polo alumnado puntuaranse de 0 a 10 puntos ponderando a nota polo valor que teña no peso total da cualificación, ou puntuando directamente sobre a nota que pode levar (por exemplo sobre 0,75 puntos se ese é o valor do traballo na nota final da avaliación), tendo en conta as rúbricas e criterios de avaliación. Dita puntuación consignarase no caderno da profesora, xunto coa valoración global do seu traballo tal e como se recolle na rúbrica correspondente.

As entregas dos traballos serán comunicadas pola profesora coa debida antelación ao alumnado para asegurar a súa correcta organización e elaboración.

As entregas de traballos fóra de prazo poderán conlevar unha redución da nota proporcional á tardanza da mesma (até 4 puntos). Cando se detecten dous ou máis traballos de idéntica factura, a profesora poderá anular ditos traballos e solicitar a realización dun novo, ou ben poderá dividir a nota obtida entre o número de traballos copiados (por exemplo, se hai dous traballos iguais coa máxima cualificación -10 puntos-, cada un deles acadará unha nota de 5 puntos, o resultado de dividir  $10/2$ ; se hai tres traballos iguais, a nota dos mesmos sería  $10/3=3,3$ ; e así sucesivamente).

AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS E FINAL. A cualificación trimestral obtérase realizando a cualificación ponderada dos distintos instrumentos de avaliación segundo se estableceron anteriormente ou ben puntuando cada instrumento de cualificación segundo o seu peso na avaliación.

A cualificación trimestral será positiva, cando esa nota media sexa de polo menos, cinco puntos (5). A cualificación final do curso obtérase achando a nota media das tres avaliacións. A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Para o cálculo da cualificación final poderán empregarse as cualificacións trimestrais incluíndo os decimais.

### **Criterios de recuperación:**

Cando algunha das dúas primeiras avaliacións teña unha cualificación negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para tal fin, a profesora poderá determinar se debe: realizar unha proba escrita na que se consideren os mesmos criterios de avaliación que ao longo do trimestre, ou realizar un traballo relacionado cos contidos da avaliación suspensa. A profesora será quen determine a realización dunha ou doutra modalidade, en función das necesidades do alumno/a en cuestión.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

É indispensable recoñecer a existencia de alumnos e alumnas con diferentes necesidades educativas debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

A) No referido aos obxectivos didácticos, procuraremos que haxa un equilibrio entre os distintos tipos de capacidades a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para achegarse ás aprendizaxes. Por exemplo:

- Capacidades cognitivas: contidos referidos a identificar, recoñecer, etc.

- Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio, de actitudes cívicas, habilidades sociais...

- Capacidades sociais: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.

- Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates, etc.

Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, de forma que o alumnado que non consiga algún obxectivo da etapa a través dos contidos da materia, poida facelo a través doutras.

B) No referido aos contidos procurarase:

- Fixar prioridades, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resulta básico aprender, e outras contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores. Seguiremos a guía establecida co grao mínimo de consecución fixado para os diferentes criterios.

- Establecer un equilibrio entre os distintos tipos de contidos.

C) No referido á avaliación procuraremos deseñar distintos niveis de complexidade, diferenciando tres graos de dificultade:

1. Que recoñeza e identifique.

2. Que analice e valore.

3. Que comente e valore criticamente a información.

Intentarase que cada alumno/a alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.

Partindo das avaliacións iniciais en cada unidade e ao principio do curso considerarase a necesidade de utilizar reforzos ou exercicios complementarios. Utilizaranse estratexias de avaliación variadas, como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Por último, hai unha serie de medidas de aula e metodolóxicas que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de metodoloxías diversas, combinando os métodos de exposición e indagación.

- Actividades diferenciadas segundo a posibilidade de alcanzar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos.

- Materiais non homoxéneos, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.

- Agrupamentos: de forma que os alumnos/as poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.

- Utilización de ritmos distintos, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

Especificamente mencionaremos as medidas levadas a cabo e consensuadas co Departamento de Orientación no que se refire a:

a) Tratamento do Déficit de Atención e Hiperactividade: terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do ¿Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario¿, con medidas de ubicación e ordenación da aula, reforzos positivos, técnicas de time-out, consolidación de hábitos e rutinas de traballo, utilización de axenda escolar na planificación, etc.

b) Seguirase o protocolo establecido pola Xunta, así como as recomendacións do Departamento de Orientación, para o alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo.

Finalmente, para aqueles alumnos/as que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- Reforzos educativos, consistentes na explicación personalizada da materia coa realización de exercicios específicos e deseño de materiais específicos sobre os mínimos esixibles da materia. Incluirá actividades específicas, de reforzo e consolidación de aprendizaxes se fose preciso. O alumnado que precise dun reforzo terá que alcanzar en calquera caso os obxectivos da materia para obter unha avaliación positiva.

- Adaptacións curriculares, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán modificar os elementos prescriptivos do currículo segundo as necesidades do alumnado, con probas deseñadas especificamente para os alumnos e alumnas que o necesiten.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X		X			X		X
ET.2 - Educación ambiental.			X					
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X			X		
ET.4 - Emprendemento.			X			X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.			X					X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X		X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor			X			X		

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación cívico-social		X
ET.2 - Educación ambiental.		X
ET.3 - Educación para a igualdade.		X
ET.4 - Emprendemento.		X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.		X
ET.7 - Educación para a paz		X
ET.8 - Educación para o consumidor		X

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter ler en diferentes formatos e tamén redactar opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Extraescolar	X	X	
Asistencia a conferencias ou ponencias científico-culturais.	Complementaria	X		
Viaxes científico-culturais de interese didáctico	Complementaria		X	
Roteiros didácticos	Complementaria			X
Proxección de cine de interese pedagóxico	Complementaria	X	X	X

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Cumpriu co horario de clase
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.

Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Motiva ao alumnado
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir a clases
As actividades foron variadas e motivadoras.
Realizouse a avaliación inicial
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega variedade de recursos
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Estableceuse comunicación coas familias e o resto do profesorado.
Outros
Valoración xeral da materia.

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos

resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## **9. Outros apartados**

### **1. 1. Accións de contribución ao proxecto lector**

Fomentarse a lectura entre o alumnado a través das seguintes accións: - Dedicarase un mínimo de 10 minutos semanais á lectura e comprensión de textos. - Os textos tratados nesta materia serán de tipoloxía variada e incluírán gráficos, mapas, esquemas, fragmentos de obras científicas, literarias, xornalísticas, entre outras; e os tipos de soporte poderán abarcar libros, material dixital, revistas, xornais, etc. - Realizaranse ademais accións específicas de fomento da lectura como a dispoñibilidade dun listado de obras literarias de lectura optativa sobre aspectos das ciencias sociais relacionados coa materia (preferentemente, novelas históricas e/ou xeográficas). - Velarase polo cumprimento da Hora de Ler, respectándoa cando coincida no tempo da materia.

### **2. 2. Accións de contribución ao plan dixital**

Prestarase especial atención ás seguintes accións: - Fomentar que o alumnado empregue as novas tecnoloxías na realización de traballos e na exposicións dos mesmos na aula. - Actualizar a páxina web do departamento, dentro da páxina web do instituto. - Elaborar, na medida do posible, artigos para a publicación na revista dixital do instituto. - Elaborar apuntes de varios temas/boletíns e utilización de aulas virtuais. - Empregar de xeito regular equipamento TIC para navegar por Internet así como para explicar os contidos de diversas unidades. - Visualizar vídeos e/ou DVD's na aula relacionados coa programación desenvolvida. - Utilizar nos ultraportátiles do alumnado proporcionados polo proxecto E-Dixgal as aplicacións de software libre para a realización de actividades.

### **3. 3. Accións de contribución ao plan de convivencia**

O plan de convivencia ten como obxectivo garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación. Para mantelo, é importante que o alumnado coñeza claramente as NOF. Manterase unha clase motivada e atenta, prestando especial atención ao alumnado con NEAE. Traballárase estreitamente co departamento de orientación e con xefatura de estudos. Favoreceranse actividades interdepartamentais facilitadoras da convivencia. Ademais resultará importante manter un contacto fluído coas familias quedando á súa disposición para mantelos informados de calquera problema ou situación relevante que se producise empregando medios diversos.